

ALTA E PLENA IDADE MEDIA

1.- O feudalismo.

O feudalismo é o sistema político, económico e social de Europa Occidental entre os séculos IX e XV d.C.

Desenvólvese na Alta Idade Media e consolídase na Plena Idade Media.

1.1.- Características fundamentais.

Perda de poder político dos reis en favor da nobreza e as cidades.

Economía de base agraria.

Sociedade organizada a través da vasalaxe e a servidume. Unhas persoas dependen doutras.

Gran peso da relixión en todos os ámbitos da vida.

Empobrecemento cultural e artístico ata a aparición do estilo románico.

1.2.- Causas da súa orixe.

Tras a morte de Carlomagno, a área franca vólvese un territorio inseguro e vívense momentos de crise no Imperio.

Esto débese ás loitas entre os sucesores do Emperador; ataques dos musulmáns no Mediterráneo; presenza doutros pobos invasores como viquingos e normandos desde o norte, e maxiares e eslavos desde o leste.

Ante esta situación, os reis confían a defensa do territorio aos nobres locais, que lles xuran fidelidade (auxilium e consilium). Os campesiños tamén buscan a protección dos señores. Así, a nobreza, tanto laica como relixiosa, fortalece o seu poder político e territorial.

1.3.- Cambios na Plena Idade Media.

Os reis buscan recuperar o seu poder.

Melloras na agricultura.

Renacemento das cidades.

Aparición da burguesía.

Renovación da cultura e aparición da arte gótica.

2.- Organización política.

Na Alta Idade Media existen numerosos reinos independentes en Europa. Neles, o rei ten un poder teocrático, é dicir, procedente de Deus. Inda así, os nobres e o alto clero tamén teñen moito poder. A Curia Rexia, na que se reúnen os nobres máis importantes, aconsella o rei, cumprindo coa función do consilium.

Os reinos divídense en condados e ducados.

Na Plena Idade Media consolídanse dous grandes reinos no centro de Europa: Francia e o Sacro Imperio Romano Xermánico, que teñen a súa orixe na división do Imperio Carolinxio.

Desde os SS. XII – XIII d.C. Algúns representantes das cidades tamén participan na Curia Rexia. Xorden así os Parlamentos (con representantes dos tres estamentos: nobreza, clero, pobo); co apoio das cidades, os reis consiguen limitar o poder da nobreza.

3.- Economía.

3.1.- A economía feudal. O señorío.

Os señoríos son territorios que o rei cede aos nobres a cambio do seu servizo a través do acto de vasalaxe.

Divídese en dúas partes. Por un lado, a “reserva” é explotada directamente polo señor. Na reserva atópase o castelo, onde reside o nobre coa súa familia, as terras con

mellor aptitude para a agricultura, e os prados e bosques para o aproveitamento gandeiro, caza, obtención de madeira, etc.

Por outra parte, os “mansos” son as terras cedidas polo señor aos seus servos, que as traballan como campesiños. A cambio da cesión de terras, os campesiños adquiren compromisos co señor, como a corvea (traballo gratuito nas terras do señor) ou o dezmo (pagar unha parte proporcional das súas colleitas).

Os campesiños tamén pagan impostos polo uso de certas instalacións do señorío, mantidas polo señor, como as pontes ou os muíños, e mesmo pola pesca nos ríos.

3.2.- As melloras na Plena Idade Media.

En primeiro lugar cabe destacar a implementación de certas melloras na agricultura, como a substitución do arado romano, de madeira e pouco eficiente, polo arado de veso, metálico, que airea mellor a terra.

Tamén se substitúe a rotación bienal pola rotación trienal. Na bienal, a metade da terra queda sen cultivar. Na trienal hai dous cultivos e a terceira parte descansa. Como consecuencia aumenta a produción de alimentos e a poboación europea.

Ocúpanse novas terras con cultivos (tala de bosques ou desecación de pantanos).

Tamén se introduce a coleira e a ferradura de metal para os animais de tiro.

A raíz de todo isto, aumentan de novo as cidades, tanto en número como en tamaño, que se convarten novamente en centros artesanais e comerciais.

4.- **Sociedade.**

4.1.- A pirámide social.

Cada persoa pertence a un estamento determinado polo seu nacemento, agás no caso do clero.



Os estamentos privilexiados non pagan impostos e ocupan os cargos de poder.

4.2.- A dependencia.

A vasalaxe é a relación de dependencia entre señores. O señor será o rei ou un membro da alta nobreza, mentres que o vasalo será un nobre de menor rango.

O acto de vasalaxe componse de homenaxe e investidura. Coa homenaxe, o vasalo acepta servir ao señor e xúralle fidelidade, cos deberes de auxilium (axuda militar) e consilium (consello no seo da Curia Rexia).

Na investidura, o señor entrégalle un feudo ao vasalo para que o governe e se asegure a capacidade para auxiliar ao señor.

En segundo lugar, a servidume é a relación de dependencia entre campesiños e señores. Nela, o señor proporciona protección e terras para o sustento dos servos. Estes traballan na reserva do feudo e pagan o dezmo e demais dereitos señoriais.

4.3.- Cambios na Plena Idade Media.

Coa revitalización das cidades desenvólvese un novo grupo social, a burguesía. A súa posición social non depende da propiedade ou traballo da terra.

Divídese atendendo a súa riqueza. O patriciado é a minoría de ricos comerciantes, banqueiros e dirixentes dos gremios que ocupa o goberno da cidade.

O común divídese a súa vez noutros dous grupos: o grupo intermedio, formado por pequenos comerciantes e mestres dos gremios, e a masa urbana, integrada por oficiais e aprendices dos gremios, e criados.

Nun último posto da pirámide social atópanse mendigos e marxidados sociais.

Tamén existen minorías relixiosas, entre as que destacan os xudeus.

4.4.- Modos de vida.

Táboa adxunta (páx. 58-63).

5.- Urbanismo.

No S. XI d.C., o aumento da produción agraria permite o renacer das cidades. Os excedentes véndense ou cámbianse por outros artigos, o que estimula o comercio e a artesanía.

5.1.- A estrutura da cidade.

As cidades adoitan situarse en lugares fáciles de defender. Están rodeadas de murallas. Poden ser centros relixiosos, políticos, económicos, etc. Tamén son centros culturais e relixiosos.

Os puntos máis destacados da cidade son o mercado, a catedral, o concello, e as casas dos gremios.

Os integrantes dos gremios agrúpanse por barrios, ao igual que as minorías relixiosas (xuderías). As casas son de madeira, o que favorece os incendios. Ademais, as rúas son estreitas e carecen de sumidoiros, o que favorece a propagación de enfermidades.

5.2.- O goberno da cidade.

Ante os abusos dos señores laicos e eclesiásticos, os burgueses pretenden lograr o autogoberno das súas cidades a través de cartas comunais ou foros concedidos polo rei.

As que o conseguían formaban un goberno chamado Consello Comunal escollido polos cidadáns. As súas funcións son, principalmente, recadar impostos e defender a cidade. O Consello Comunal delega o poder executivo en maxistrados chamados alcaldes, que se reúnen na casa do concello.

O patriciado urbano acaba ocupando todos os postos do goberno.

5.3.- Artesanía e comercio.

Os talleres dos artesáns tenden a concentrarse por oficios.

O mesmo edificio serve de vivenda e de tenda.

Os artesáns organízanse en gremios; estes regulamentan a cantidade de produción, os prezos e a calidade dos produtos. Dentro dos gremios existe unha xerarquía.

Na cabeza está o mestre; é o dono do taller; para adquirir esa condición, un artesán oficial debe elaborar unha "obra mestra".

O oficial domina o oficio pero non ten taller propio, polo que realiza un traballo asalariado.

Por último o aprendiz está a aprender o oficio; non cobra pero recibe aloxamento e manutención na casa do mestre.

Desde o S.XI d.C. Prodúcese un aumento do comercio debido ao incremento da produción agraria e artesanal, así como do diñeiro polo descubrimento de novas minas de ouro e prata, e tamén pola maior seguridade dos camiños grazas á estabilidade política.

Distínguense mercados semanais a nivel local, e feiras en torno as que se organizan as grandes rutas comerciais a nivel internacional.

5.4.- Auxe cultural.

A cultura, que antes se restrinxía a certas institucións monásticas, renace novamente nas cidades.

Tamén aparecen escolas urbanas, que poden ser dous tipos: catedralicias, centradas nos estudos relixiosos, ou municipais, nas que se ensina lectura, escritura, contabilidade, dereito e medicina.

As Universidades foron impulsadas por bispos e reis desde o S.XII d.C., e contan con facultades de Artes Liberais, Medicina, Dereito e Teoloxía.

6.- Arte.

6.1.- Románico.

É o primeiro estilo artístico común a toda Europa.

Difúndese grazas ás cruzadas, as peregrinacións e as cuadrillas de canteiros.

- Arquitectura.

Entre os elementos máis importantes podemos destacar columnas e piares como elementos de soporte, arcos de medio punto, bóvedas de canón e de aresta, e arcos faixóns e contrafortes. As prantas das igrexas adoitan ser de cruz latina.

- Escultura.

A súa función, ao igual que a pintura, é adoutrinar o pobo analfabeto a través de imaxes. Os temas principais son o Antigo Testamento, a vida de Cristo e dos santos, o Xuízo Final e Deus Todopoderoso.

Pode ser en forma de relevo ou en forma de escultura exenta.

- Pintura

No estilo románico predomina o debuxo sobre a cor. As cores son planas, sen volume. Non é realista, xa que o que importa é a mensaxe.

6.2.- Gótico.

Desenvólvese entre os séculos XII-XV d.C.

- Arquitectura. Caracterízase pola presenza do arco apuntado, a bóveda de crucería e o arcobotante. Ademais de edificios relixiosos tamén aparecen outros civís.

- Escultura. Maior realismo que a románica. Entre os seus temas destacan o Novo Testamento e as vidas de santos e da Virxe.

- Pintura. Ademais das pinturas sobre táboa, tamén podemos destacar as vidrieras.